

O CABALO DE FERRO

John Ford, 1924

979

ESTREA EN NUMAX: 02.08.2022 | V.O.S.E. | +12 | 150 min

Considerado o mellor filme da época muda de John Ford, un western arredor do ferrocarril e o espírito pioneiro dos Estados Unidos de América. O presidente Lincoln autorizou a construción dun enlace entre as liñas ferroviarias da Union Pacific e a Central Pacific. Un contratista (Will Walling) e un topógrafo (George O'Brien) emprende unha viaxe co obxectivo de trazar a ruta idónea, pero, aínda que logran localizar un paso montañoso que permitiría o establecemento dunha conexión moito máis rápida do que se esperaba, o risco de que os nativos ataquen aos traballadores ameaza con estragar o ambicioso proxecto.

«O filme é disparatado e
pracenteiro»

Richard Brody, NEW YORKER



O western de serie B

Por Tag Gallagher

Illado en Serra Nevada durante a rodaxe de *O cabalo de ferro* (1924), a historia do ferrocarril transcontinental, dise que estivo á fronte de 5000 extras, da construción de dúas vilas enteiras, de 100 cociñeiros que se encargaban da comida para o equipo, de 2000 peóns do ferrocarril, dun rexemento de cabalería, de 800 indios, de 1300 búfalos, de 2000 cabalos, de 10000 cabezas de gando, de 50000 artigos de *attrezzo*, das locomotoras "Jupiter" e locomotoras "116" orixinais que se encontraran en Promontory Point o 10 de maio de 1869, da pistola de Wild Bill Hickcock e... da dilixencia orixinal utilizada por Horace Greeley! A rodaxe, prevista para catro semanas, estendeuse a dez; as tempestades de neve sucedíanse unha tras outra, resultaba imposible filmar e entre os membros da *troupe* creáronse lazos insólitos. "Houbo de todo", recorda Ford, "nacementos, mortes, vodas e sempre cun frío impresionante. Só tivemos un día de sol". "Morriamos de frío. Viviamos debaixo dunha carpa de circo, tiñamos que escavar as nosas propias latrinas e construímos unha vila en toda regra."

A rodaxe comezou sen dispoñer dun auténtico guión -só existía unha breve sinopse-, de modo que Ford foino escribindo a medida que pasaban as semanas. N'Os Ánxeles, o estudio, desexoso de ver o material filmado, implorou, ameazou, blasfemou e, como última medida, ordenou o regreso a casa. Ford facía pedazos os telegramas ou sostíñaos no aire e dicíalle a Pardner Jones que atravesara dun balazo o nome do remitente. Cando o xefe de produción, Sol Wurtzel, se presentou na rodaxe, perdeu unha cantidade inxente de diñeiro nunha partida de dados que durou tres días. Finalmente, William Fox, que estaba animado polo éxito obtido pola Paramount con *A caravana de Oregón* (James Cruze, 1923) e confiaba plenamente en Ford, apoiou o proxecto e cando puido ver o material filmado sentenciou: "Deixemos que o rematen".

Que *O cabalo de ferro* resulte hoxe en día frouxo débese a dúas causas: por unha parte, non o vemos acompañado da súa marabillosa banda sonora (Ford pautara os movementos dos peóns do ferrocarril con cancións que o seu tío Mike lle ensinara, acelerando o ritmo a medida que os peóns incrementaban o seu); por outra, a edición habitualmente dispoñible é a copia distribuída en Europa, en lugar da versión moito máis dinámica de Ford. *O cabalo de ferro* desprega os seus medios multitudinarios con mesura; Ford xamais permite que nos distraian da sinxela e humana historia que se nos conta. Para engadir un toque de comedia, introduciu os personaxes de tres soldados que nos anos vinte roubáronlle o protagonismo aos heroes do filme. Só nas poses do mozo Davy ante o cadáver do seu pai, fotografadas cunha tenebrosa luz expresionista, o western de serie B que é *O cabalo de ferro* adopta un ton artificioso. O carácter de epopea que atesoura o filme é ante todo efecto dunha suxestión. Cando o pai parte ao Oeste desde Springfield, un transeúnte afirma: "Pobre díaño! Corre en pos dos seus soños". "Así é", replica Lincoln, "e algún día homes coma vostede poderán viaxar por el".

O cabalo de ferro foi un dos grandes éxitos dos anos vinte: custou 280000 dólares e recadou máis de 2 millóns. Deu a Ford o renome internacional e logrou que por primeira vez un filme da Fox se exhibise en Broadway.